



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS NA CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2024

EXPEDIENTE: 2024/G010/000008

No día de hoxe, tense ditado a Resolución da Alcaldía 476/2024 pola que se procede á convocatoria do pleno ordinario correspondente ao mes de setembro, detectado un erro no día da convocatoria xa que na mesma dise: “Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar no “Salón de plenos” da Casa do Concello, o vindeiro día 26 de setembro de 2024 (venres) ás 20:00 horas, coa seguinte orde do día:...” cando debía dicir: “Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar no “Salón de plenos” da Casa do Concello, o vindeiro día 26 de setembro de 2024 (xoves) ás 20:00 horas, coa seguinte orde do día:...”

Considerando que se trata dun erro de feito, xa que por un lado, sinalase que o día 26 de setembro é venres cando é xoves e que por outro lado, a celebración das sesións ordinarias do pleno están fixadas para o último xoves de cada mes impar.

Atendendo a que o erro de feito segundo a xurisprudencia caracterízase por “*ser ostensible, manifesto, e indiscutible, implicando por si solo, a evidencia do mesmo sen maiores razoamentos e exteriorizándose “prima facie” pola súa sola contemplación (fronte ao carácter de cualificación xurídica, seguida nunha declaración baseada nela, que ostenta o error de dereito).*”

Atendendo a que para poder aplicar o mecanismo procedimental de rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos previsto no art. 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se require que concorran en esencia as seguintes circunstancias:

1ª.- Ter realidade independente da opinión, ou criterio de interpretación das normas xurídicas establecidas.

2ª.- Poder observarse tendo exclusivamente en conta os datos do expediente administrativo.

3ª.- Poder rectificarse sen que padeza a subsistencia xurídica do acto que o contén.

Atendendo a que as circunstancias anteriormente enumeradas concorren neste caso é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro: Rectificar a Resolución da Alcaldía 476/2024, nos termos sinalados na parte expositiva da presente, quedando esta redactada como segue:

“Visto o establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e no acordo do Pleno da Corporación, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2023 e en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar no “Salón de plenos” da Casa do Concello, **o vindeiro día 26 de setembro de 2024 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2024.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria celebrada o día 30 de agosto de 2024.

3º.- Aprobación inicial do “Regulamento de funcionamento do Centro de Día Casa do Oleiro do Concello de Malpica de Bergantiños”.

4º.- Modificación do acordo plenario do 13/07/2023, relativo á designación dos representantes do concello en determinados órganos colexiados (novos nomeamentos), mandato 2023-2027.

5º.- Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2023.

6º.- Mocións de urxencia.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

7º.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía.

8º.- Dación de conta, expresa, da Resolución da Alcaldía 415/2024, do 19/08/2024, pola que se procede ao cese do concelleiro, Sr. Cañizo Garrido, como membro da Xunta de Goberno Local e, en consecuencia, perda da condición de Primeiro Tenente de Alcalde e da condición de Concelleiro Delegado de Servizos, Turismo e Festexos

9º.- Dación de conta dos Estados de Execución do Orzamento, correspondentes ao segundo trimestre do exercicio 2024, remitidos ao Ministerio de Hacienda en data 24/07/2024 en aplicación do disposto no artigo 16 da Orde do Ministerio de Hacienda 2105/2012, do 1 de outubro (Expte. 2024/X999/000187).

10º.- Rogos e preguntas.

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as, dar traslado á intervención e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello”.

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).